

COPID

## MOCIÓN SOBRE O CENTRO DE SAÚDE DE CONXO

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A adecuación dos servizos e instalacións ás demandas reais da cidadanía debe ser unha tarefa fundamental para un Goberno, calquera que se xa a natureza do servizo e máxime cando se trata dun servizo esencial e indispensable como é a atención sanitaria.


Neste senso, o Concello de Santiago dispón duns recursos asistenciais públicos sanitarios moi notables organizados arredor dunha das sete estruturas de xestión integrada que existen en Galicia.

Ademais do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago e do Hospital de Conxo, no termo municipal radican cinco centros de saúde distribuídos en distintas zonas: Concepción Arenal (zona do Ensanche), As Fontiñas, Vite, Galeras (o máis recente, inaugurado en xullo de 2016) e Conxo, este último asentado nas instalacións do Hospital Psiquiátrico. Nestes centros aténdense fundamentalmente ás persoas usuarias das arredor de 107.000 tarxetas sanitarias existentes no Concello.

O centro de saúde de Conxo foi inaugurado en 1993, pouco antes que os de Vite (1994) e As Fontiñas (1995), e case unha década despois do Concepción Arenal (1984), pero a diferenza destes apenas ten sido obxecto de actuacións de renovación ou adecuación ao longo dos seus 25 anos de existencia. As súas instalacións evidencian o paso do tempo e unha falta de adaptación aos estándares actuais, cando menos en materia de habitabilidade e accesibilidade.

A mellora desas instalacións foi unha demanda constante da veciñanza nos últimos anos que foi recollida pola maioría dos grupos políticos a nivel municipal, entre eles o Partido Popular. Con fin de construír un novo Centro de Saúde, o Concello reservou no seu día para uso sanitario uns terreos nas proximidades do actual, fóra do recinto psiquiátrico e no lado norte do periférico, cunha maior integración no tecido urbano. Un terreo que recentemente o Concello acordou destinado a aparcadoiro, tratando de darlle resposta a outra demanda do comercio da zona.

Por parte da Consellería de Sanidade non se ten negado a necesidade de mellorar as instalacións do Centro de Saúde de Conxo, mesmo se fose necesario construíndo un novo edificio, aínda que tal actuación veuse mantendo subordinada ao remate e posta en marcha do Centro de Saúde de Galeras que se consideraba unha necesidade prioritaria e inaprazable. Coa entrada en servizo de centro de Galeras, chegou a hora de actuar no Centro de Saúde de Conxo que, a pesar de que segundo dos datos do SERGAS non presenta un problema de saturación de usuarios, segue a demandar unha mellora integral.



Conforme á constatación de que na actualidade non existe un volume de persoas usuarias que faga indispensable un novo edificio, o Grupo Municipal Popular ten mostrado os seus reparos á reducir as posibilidades de mellora unicamente á construción dunha nova edificación, tendo en conta tamén que a decisión do actual Goberno Municipal de preparar os terreos reservados a ese fin para dar cabida a unha área de estacionamento de vehículos, supón destinar uns recursos económicos (que se aproximan aos cen mil euros) que cumpriría rendibilizar.

Así as cousas, hai uns días, a Xunta de Galicia presentou un plan de centros de saúde para Galicia (algúns novos e outros en marcha e xa planificados) entre os que non se ten incluído nin a substitución do Centro de Saúde de Conxo nin a necesaria e cada paso máis inaprazable mellora das súas instalacións.

Tendo en conta todo o anterior, o Grupo Municipal Popular presenta á consideración do Pleno a adopción do seguinte

#### **ACORDO:**

##### ***O Concello de Santiago de Compostela solicítalle:***

- ***Ao Servizo Galego de Saúde (SERGAS) á planificación, proxecto e execución dunha adecuación, actualización e mellora do Centro de Saúde de Conxo para adecuar e mellorar as súas instalacións ou a construción dun novo edificio en función dunha análise e unha programación que garanta a atención actual e futura.***
- ***Á Xunta de Galicia un plan de mellora e posta en valor do Hospital Psiquiátrico de Conxo para a súa recuperación, así como a planificación de usos alternativos en coordinación co resto de administracións públicas.***

***Pola súa parte, o Concello de Santiago procederá a realizar a adecuación do transporte público para mellorar a accesibilidade ao Centro de Saúde de Conxo.***

Santiago de Compostela, a 6 de febreiro de 2018

A handwritten signature in black ink, appearing to be 'Agustín Hernández', written over a horizontal line.

Agustín Hernández  
Portavoz do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela